

# CEGADOS POLO SOL

[Luca Guadagnino, 2015]

# 110

ESTREA EN NUMAX: 29.04.2016 | V.O.S.E. | +16

A Bigger Splash (2015, 124')

**Dirección:** Luca Guadagnino

**Guión:** David Kajganich (Historia: Alain Page)

**Reperto:** Ralph Fiennes, Dakota Johnson, Tilda Swinton, Matthias Schoenaerts, Aurore Clément, Corrado Guzzanti

**Montaxe:** Walter Fasano

**Dirección de arte:** Roberta Federico, Zsuzsa Kismarty-Lechner

**Son:** Emanuela Di Giunta

**Música:** Robin Urdang

**Fotografía:** Yorick Le Saux

**Produtora:** Frenesy Film Company, Cota Film (Italia)

**Distribuidora:** Avalon

**Formato de proxección:** DCP 2K, 1.85:1

## FILMOGRAFÍA

*Bertolucci on Bertolucci*, 2013

[con Walter Fasano]

*Chronology*, 2010 [curtametraxe]

*Yo soy el amor*, 2009

*Melissa P.*, 2005

## SINOPSE

Na illa de Pantelleria, en Sicilia, un matrimonio goza dunhas tranquilas vacacións. A paz da parella vese interrompida un bo día pola aparición do antigo representante dela, que vén acompañado da súa filla. Ademais de ser a súa ex-parella, o home é un falabarato e un vivido, provocando unha espiral de celos e sospeitas entre os catro. As consecuencias son irreversíbeis.

«Unha gozábel mostra de soleado noir. O reparto é bo, pero se hai que salientar a alguén, sería a Ralph Fiennes na clase de papel no que nunca o viramos antes.»

Lou Lumenick. NEW YORK POST

## PREMIOS

Venecia 2015 (Mellor banda sonora; nomeado a mellor filme e ao premio Green Drop).



# CEGADOS POLO SOL

[Luca Guadagnino, 2015]

“Fascíname o movemento dos corpos, son obxectos realmente fabulosos para retratar no cinema”

Entrevista a Luca Guadagnino  
por Matthew Toomey

**Cegados polo sol está baseado en La piscina, un filme italo-francés de 1969. Que te levou a escribir un guión e levar de novo esta historia á pantalla grande?** Atraíame a idea de retomar a historia porque incluía un cuarteto de persoas enguedelladas nun desexo nostáxico polo outro. Considerei que podía ser relevante hoxendía e que podía interesar ao público.

**Ao igual ca no teu anterior filme, Yo soy el amor (2010), a obra contén moitos planos corporais —torsos, pés, dentes e demais—. Que te levou a empregar esta caste de imaxinaría?** Consideronme un *voyeur*. Trátase dun filme sobre o desexo, sobre como nos aferramos e ansiamos aos demais. Fascíname o movemento dos corpos, son obxectos realmente fabulosos para retratar no cinema. O meu próximo filme vai tratar sobre o baile porque son un gran afeccionado aos musicais e, de novo, vai atinxir aos corpos.

**Gústame o uso que fas do zoom, tanto no achegamento como no afastamento da imaxe. A que se debe este uso?** É unha cuestión de tacto. Por unha banda, nos anos 70 e 80 houbo unha chea de filmes nos que o zoom substituíu ao travelling. Era unha maneira barata de evitar ter que poñer a cámara sobre raís e movela a través deles. Aquilo custaba tempo e diñeiro. O zoom convertiuse nunha solución rápida durante anos. Podes lembrar *Muerte en Venecia* (1971) ou *El inocente* (1976) de Luchino Visconti. Na outra banda temos a Stanley Kubrick en *El resplandor* (1980) empregando zooms por motivos opostos. Non era para aforrar tempo ou diñeiro senón para expresar sensacións con máis forzas. Gústame ese uso. No meu próximo filme empregarei un único obxectivo, que será fixo. En xeral teño moitas dúbidas sobre

como gravar un filme e que obxectivos usar. Aquí tocaches un tema delicado.

**Na apertura do filme apenas hai diálogos e de socato aparece Ralph Fiennes que xa non cala en todo a fita. Que lle pareceu a Ralph sostener un personaxe tan hiperactivo e enérxico durante todo un filme?** Todos temos amigos así [risas]. Ralph é un actor sublime. Ten unha gran capacidade de concentración cando traballa. O seu personaxe ten unha actitude maníaca cara á vida mais a actuación de Ralph é equilibrada e precisa. Trátase de estar enriba, abaixo, enriba, abaixo. Harry pode amosarse sombrío cando se emociona.

**E que tal levou a escena do baile? Axudácheslle ti ou foi colleita súa?** Atopábase escrito no guión. Discutímolo arreo e Ralph quería contratar unha coreógrafa que vira actuando en Londres. O seu nome é Ann Yee. Discutimos en termos tanto técnicos coma conceptuais sobre o que estabamos a buscar nesa escena. Precisabamos que Ralph procurase un nivel de confianza e soltura que reflectise a súa vida. É unha coreografía psicanalítica.

**Pos ao público a proba con breves flashbacks de Harry e Marianne e a súa vida previa xuntos. Por que decides revelalo? Algúns cineastas terían descartado o uso do flashback e outros teríanlle dedicado moito máis tempo no filme.** Houbo moita colaboración coa equipa técnica e o elenco de actores. No guión había *flashbacks* máis longos mais tivemos o luxo de gravar na illa primeiro e daquela xa sabíamos os ocos que cumpría encher.

**Por que escolliches a illa de Pantelleria como localización para o teu filme?** Coñecía o lugar. Fun alí cando tiña 15 anos de vacacións coa miña irmá e volvíu un ano máis tarde cos amigos da escola. Lembra a paisaxe dura, implacábel, fermosa e aterradora. Estaban alí todas esas emocións contraditorias que ficaran na miña memoria. Sentía que precisaba un lugar coma ese que se converte nun personaxe máis que sacude ao cuarteto de personaxes neuróticos.

Publicado en [www.thefilm.ie](http://www.thefilm.ie)  
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

*Buenos días, tristeza.*

Françoise Sagan. Tusquets.

*La piscina.* Jacques Deray [Blu-Ray]

Un cinema,  
unha librería  
e un laboratorio  
de gráfica e vídeo

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TEL 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)